

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CD3SAN000100	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0201	Acústica e elementos de protección sonora	2024/2025	6	187	187
MP0201_12	Son, percepción auditiva e procesos psicoacústicos	2024/2025	6	131	131
MP0201_22	Acústica de salas, estudo da exposición ao ruído e protección auditiva	2024/2025	6	56	56

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA PRADO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O persoal técnico superior en Audiloxía protésica exerce a súa actividade profesional no ámbito sanitario público e privado, así como en empresas privadas do sector, en gabinetes audioprotésicos e en prevención de efectos do ruído ambiental.

Este módulo contén a información de soporte necesaria para a prestación do servizo e de prevención, seguridade e protección.

A prestación do servizo e a prevención, a seguridade e a protección abranguen aspectos como:

- Calibraxe de salas de campo acústico.
- Medición de niveis sonoros e niveis de exposición ó ruído.
- Elaboración de mapas de ruído.
- Análise das necesidades de protección auditiva en contornos ruidosos.
- Recomendacións de protección contra o ruído.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Gabinetes de adaptación audioprotésica.
- Clínicas audiolóxicas.
- Empresas de medida e protección sonora.
- Equipamentos de medicina laboral.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Movemento vibratorio harmónico simple e introdución ás ondas sonoras.	Movemento circular uniforme e movemento vibratorio. Obtención da ecuación do mvhs e as súas magnitudes. Concepto de enerxía e decibelio.	28	10
2	Movemento ondulatorio, amortecemento e fenómenos ópticos.	Concepto, tipos e magnitudes das ondas. Amortecemento. Propiedades que provocan distintos fenómenos cando atopan un obstáculo, como son a reflexión, a refracción e a difracción.	35	15
3	Acústica física	Ondas sonoras e a súa propagación (Efecto Doppler). Interferencias nas ondas sonoras. Ondas estacionarias. Análise e síntese de Fourier. Fenómeno de resonancia	45	30



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Percepcións dos sons	Descríbense os procesos psicoacústicos que explican como se percibe o son; a selectividade e discriminación frecuencial, sonoridade, discriminación da intensidade, a resolución e integración temporal e a percepción da fala, establecendo as diferenzas coas personas con hipoacusia.	23	15
5	Acústica arquitectónica	Nesta unidade describíranse as características acústicas das salas ou recintos, tanto para a audición verbal como da música es as características específicas das salas empregadas no gabinete de audioloxía protésica. Tamén describírase como acadar que as características sexan as desexadas mediante o emprego de materiais absorbentes e illantes. Por último determináranse algúns parámetros acústicos para comprobar o acondicionamento das salas, empregando a instrumentación axeitada, cumprindo coa normativa aplicable.	38	20
6	Exposición ao ruído e protección auditiva	Nesta unidade determináranse os niveis sonoros coa instrumentación adecuada e comprobarase si se axustan á normativa aplicable. Por outra banda, describíranse os efectos perxudiciais do ruído tanto na saúde en xeral, como na función auditiva en particular, tanto por exposición á contaminación ambiental como por mor da actividade laboral. Por último describíranse os métodos de protección fronte ao ruído, facendo especial fincapé nos protectores auditivos, describindo os tipos e seleccionando os mais axeitados segundo as necesidades dos usuarios, cumprindo coa normativa aplicable e con axuda do software dos instrumentos de medición de niveis sonoros.	18	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Movemento vibratorio harmónico simple e introdución ás ondas sonoras.	28

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a natureza do son, describe as súas propiedades físicas e mide os seus parámetros.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características do movemento vibratorio harmónico.
CA1.1.1 Caracterízouse o MVHS a través de péndulos
CA1.1.2 Defíníuse o movemento vibratorio harmónico e os parámetros asociados
CA1.3 Identifícanse os parámetros das ondas sonoras.



Criterios de avaliación
CA1.3.1 Explicáronse os distintos tipos de propagación de ondas mediante o emprego de resortes e cordas
CA1.3.2 Descríbironse os diferentes parámetros das ondas sonoras
CA1.8 Descríbironse os factores que interveñen na velocidade de propagación do son.

4.1.e) Contidos

Contidos
Enerxía e intensidade do movemento ondulatorio Descrición dos factores que interveñen na velocidade de propagación do son (CA1.8) Características do MVHS(CA 1.1) Sons, infrasons e ultrasóns. Parámetros físicos do son. Unidades. Niveis acústicos. Identificación dos parámetros das ondas sonoras(CA1.3)

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Movemento ondulatorio, amortecemento e fenómenos ópticos.	35

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a natureza do son, describe as súas propiedades físicas e mide os seus parámetros.	NO



4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Describiuse a propagación do movemento ondulatorio.
CA1.2.1 Definíronse os fenómenos de debilitamento e amortecemento da enerxía na propagación dunha onda
CA1.2.2 Realizouse a determinación do coeficiente de absorción de diferentes materiais
CA1.5 Recoñeceuse o fenómeno da difracción.
CA1.6 Definíronse as leis da reflexión e da refracción.
CA1.11 Descríronse os distintos tipos de fontes sonoras

4.2.e) Contidos

Contidos
0Descrición da propagación do movemento ondulatorio (CA1.2) Definición das leis de reflexión e refracción(CA1.6) Difracción de ondas sonoras. Absorción e amortecemento das ondas Propagación do movemento ondulatorio (CA 1.2) Fontes sonoras: esféricas, cilíndricas e planas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Acústica física	45



4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a natureza do son, describe as súas propiedades físicas e mide os seus parámetros.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícanse os fenómenos de interferencias entre as ondas.
CA1.7 Identifícase o fenómeno de focalización.
CA1.9 Defínense as ondas estacionarias sonoras, os modos normais de vibración e o fenómeno da resonancia acústica.
CA1.10 Aplícase o teorema de Fourier para a análise das ondas sonoras complexas.
0 CA1.10.1 Descríbense as ondas complexas e o espectro do son
0 CA1.10.2 Defínese o teorema de Fourier e a súa relación coa membrana coclear

4.3.e) Contidos

Contidos
Superposición de ondas sonoras. Ondas estacionarias Descrición do efecto Doppler Aplicación do teorema de Fourier para a análise das ondas sonoras complexas (CA1.10) Resonancia acústica. Identificación do fenómeno de focalización (CA1.7) Acoplamento de impedancias.



Contidos
Filtros acústicos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Percepcións dos sons	23

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a percepción auditiva do individuo e describe os procesos psicoacústicos involucrados.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Definiuse o rango dinámico do oído.
CA2.2 Describiuse o enmascaramento na percepción sonora, os seus tipos e os seus patróns.
CA2.3 Descríronse as características da selectividade frecuencial e da discriminación de frecuencias en persoas normoóntes e con perda auditiva.
CA2.4 Describiuse a discriminación de intensidade sonora e o fenómeno subxectivo de sonoridade
CA2.5 Describiuse a discriminación frecuencial e o fenómeno subxectivo de percepción tonal.
CA2.6 Enunciáronse as teorías de percepción do ton.
CA2.7 Descríronse as características da resolución e da integración temporal na audición normal e na perda auditiva.
CA2.8 Descríronse os mecanismos da percepción auditiva do espazo.



Criterios de avaliación
CA2.9 Descríbense os mecanismos dos patróns auditivos e da percepción de obxectos.
CA2.10 Descríbense as características da percepción da fala.

4.4.e) Contidos

Contidos
Limiares absolutos de percepción sonora: métodos de determinación. Resolución frecuencial. Curvas psicofísicas de sintonización. Percepción do ton en tons puros e sons complexos. Resolución e integración temporal na audición normal e na perda auditiva. Percepción auditiva do espazo. Efecto Haas. Audición binaural na audición normal e nas persoas con hipoacusia. Patróns auditivos e percepción de obxectos. Percepción da fala na audición normal e nas persoas con hipoacusia. Rango dinámico normal e patolóxico. Enmascaramento auditivo: tipos e patróns. Filtros auditivos Resolución e discriminación de frecuencias: modelos, alteracións e consecuencias. Filtros auditivos. Estimación psicofísica da compresión coclear. Sonía e sensación de intensidade. Percepción da sonoridade. Liñas isofónicas. Lei de Weber-Fechner. Métodos de estimación da sonoridade. Unidades e relacións. Alteracións da percepción normal da sonoridade. Fenómenos da adaptación e o recrutamento. Discriminación de intensidade na audición normal e na hipoacusia.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Acústica arquitectónica	38

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Deseña salas de campo sonoro, tendo en conta a relación entre as propiedades do recinto e as probas que se vaian efectuar.	SI
RA2 - Mide niveis sonoros e de exposición ao ruído aplicando técnicas de sonometría.	NO
RA3 - Determina necesidades de protección auditiva, tendo en conta a relación entre as medicións do contorno e a normativa.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características acústicas das salas de campo sonoro.
CA1.2 Descríbiuse a normativa.
CA1.3 Seleccionáronse os materiais para o acondicionamento acústico da sala.
CA1.4 Determinouse a posición dos elementos na sala.
CA1.5 Identifícanse os métodos de calibraxe dun campo acústico de medida.
CA1.6 Interpretáronse as normas de funcionamento do sonómetro.
CA1.7 Aplicáronse procedementos de determinación de limiares auditivos para a calibraxe da sala.
CA1.8 Utilizouse o sonómetro para determinar a adecuación do acondicionamento da sala.
CA1.9 Interpretáronse os datos obtidos na determinación



Criterios de avaliación
CA1.10 Revisouse visualmente e acusticamente o equipamento no rango das frecuencias de exame.
CA1.11 Leváronse a cabo comprobacións electroacústicas no equipamento.
CA2.1 Describiuse a audición verbal e musical nun recinto pechado.
CA2.2 Descríronse as características acústicas de recintos abertos e pechados.
CA3.2 Descríronse os elementos de protección sonora e illamento acústico.
CA3.2.1 Descríronse os elementos de illamento acústico

4.5.e) Contidos

Contidos
Instrumentos de medida acústica.
0Absorción sonora debida a materiais, obxectos e persoas.
Corrección acústica dunha sala. Illamento acústico: técnicas e materiais. Lei da masa.
Acondicionamento acústico.
Salas audiométricas: características físicas e acústicas.
Instrumentos de medida da vibración.
Análise acústica e de vibracións.
Cabinas anecoicas, semianecoicas e reverberantes.
Campo sonoro libre, case libre e difuso.
Características acústicas das salas audiométricas de campo sonoro.
Normativa sobre as características técnicas das instalacións de campo sonoro.
Niveis sonoros en recintos.



Contidos
Coefficientes de absorción sonora. Audición verbal e musical en recintos pechados. Son en espazos abertos e pechados. Efectos do ruído e da reverberación sobre a comunicación por medio da fala.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Exposición ao ruído e protección auditiva	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Mide niveis sonoros e de exposición ao ruído aplicando técnicas de sonometría.	NO
RA3 - Determina necesidades de protección auditiva, tendo en conta a relación entre as medicións do contorno e a normativa.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os parámetros que determinan os niveis de exposición ao ruído.
CA2.4 Describiuse a normativa en medición de niveis sonoros.
CA2.5 Verifícouse o correcto funcionamento dos dispositivos de medida dos niveis sonoros.
CA2.6 Determináronse niveis sonoros en recintos abertos e pechados.
CA2.7 Utilizouse o software correspondente para a análise dos datos obtidos das medicións co sonómetro.
CA2.8 Elaboráronse informes e mapas dos niveis sonoros dos recintos avaliados.



Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse os efectos do ruído na audición humana.
CA3.2 Descríbóronse os elementos de protección sonora e illamento acústico.
CA3.2.2 Descríbóronse os elementos de protección sonora
CA3.3 Definíronse as recomendacións de protección sobre exposición ao ruído.
CA3.4 Utilizouse o software dos dispositivos de medición para a elaboración dun programa de medidas de protección auditiva.
CA3.5 Identificáronse os tipos de protectores auditivos.
CA3.6 Determináronse as características e as necesidades das persoas usuarias para o asesoramento sobre o protector acaído.
CA3.7 Analizouse a información proporcionada por fábrica nos protectores elaborados industrialmente.
CA3.8 Seleccionouse o material de protección acústica consonte a normativa.
CA3.9 Comprobouse a efectividade dos elementos de protección sonora.
CA3.10 Emítiuse un informe coas condicións de emprego dos protectores e o comportamento das persoas no contorno ruidoso.
CA3.11 Demostrouse autonomía na resolución de continxencias.
CA3.12 Demostrouse interese por atender as necesidades da persoa usuaria.

4.6.e) Contidos

Contidos
0Normativa en materia de medición de niveis sonoros.
Efectos do ruído na fisioloxía humana e no rendemento das persoas.
Molestias inducidas polo ruído nas persoas e nos colectivos de individuos.
Perda da audición por exposición ao ruído.



Contidos
Técnicas de medida do ruído. Medida da exposición sonora e doses de ruído. Realización de mapas de ruído. Elementos de protección sonora. Equipamentos de protección individual. Illamento de maquinaria. Criterios de exposición ao ruído. Programas de conservación da audición. Lexislación sobre protección auditiva. Selección e uso de protectores auditivos. Mantemento de protectores auditivos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles son os que figuran na programación didáctica.

A avaliación será continua, valorando diferentes apartados e obtendo a media ponderada de todos os items.

Con carácter xeral, en cada UD avaliaranse os seguintes aspectos:

1. "O SABER" = Probas escritas teóricas: A proba consistirá en preguntas tipo test, preguntas curtas ou supostos prácticos, en proporción variable. As respostas test incorrectas terán valoración negativa.

A data da/s proba/s consensuarase co alumnado na medida do posible, no caso de non conseguirse un consenso, a profesora fixará estas datas.

Ponderación na nota: 70%. Valoración: 0-10 puntos.

Se só se realiza unha PE nunha UD, a nota desta deberá ser, como mínimo, un 5 e senón, pasará a ser recuperada en xuño, no prazo adxudicado polo centro para tal fin.

2. "O SABER FACER" = Tarefas prácticas do alumnado: participación en traballos de equipo, resolución de cuestións, realización de prácticas e rexistro en formato audiovisual. Ponderación na nota: 30%.

Valoración: a cualificación oscilará entre 0-10 puntos en función dos seguintes apartados (entre outros):

- Presentación.
- Exposición.



- Cantidade e calidade do proxecto.
- Coherencia e adecuación.

A nota acadada deberá superar o 5.

Co fin de obter un resultado numérico, estas tarefas serán calificadas a través de instrumentos de avaliación como listas de cotexo ou táboas de observación.

Ademais do rigor científico que presente o documento (calidade, claridade, estrutura, conclusións, valoración, coherencia...), poderá ser avaliado o grao de coñecemento que presenta a alumna/o sobre dita tarefa.

Para elo, a lista de cotexo ou a táboa de observación poderá presentar cuestións concretas que a profesora cubrirá a través da pregunta oral.

Cando a profesora considere que un determinado procedemento por parte dun alumno ou alumna é inadmisíble, aínda que non figure o ítem na TO ou LC, poderá asignar unha nota menor que 5.

No caso de non ser realizadas tarefas nalgunha UD, o 100% da nota corresponderá a/s proba/s escrita/s teóricas.

No caso de non superar o "SABER FACER", realizarase unha proba práctica en xuño, no prazo asignado para as recuperacións.

As notas da 1ª e 2ª avaliación, resultarán de realizar a adaptación dos pesos das UD completadas en dita avaliación. Establecerase unha regra de 3:

Total peso das UD na avaliación ----- 100%
Peso dunha das UD ----- X%

No caso de que non se completase unha UD ao remate dunha avaliación, a cualificación de dita UD computará no seguinte trimestre.

Para calcular a nota global do módulo, realizarase a media das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións, tendo en conta os pesos asignados a cada UD reflexados no apartado 3 da presente programación didáctica, e sempre e cando a nota acadada en cada trimestre supere o 5.

As cualificacións serán números enteiros. Estas redondearanse por defecto ata o 0,4 e por exceso a partir do 0,5 (se se obtén un 5,4 será redondeado a 5 e se se obtén un 5.5 será redondeado a 6).

Calquera intento de fraude durante a realización das probas levará á expulsión da/o alumna/o e cualificación da proba cun 0.

Está prohibido o empego de móbiles, tabletas ou calquer dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

A ausencia ás probas e a non entrega de traballos grupais ou individuais no prazo correspondente sen causa xustificada (enfermidade ou causa de forza maior non atribuíble a aquel), conlevará á súa recuperación en xuño, durante o periodo que o centro establece para tal fin.



No caso de sospeita de plaxio ou copia nalgún das probas de avaliación, a profesora poderá comprobar os coñecementos do alumnado unha segunda vez a través da realización dunha proba de coñecemento.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aínda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de repaso consistentes en tarefas traballadas durante o curso, sobretudo a través da aula virtual.

No mes de xuño, realizarase actividades de recuperación de todos os ítems non superados, que consistirán en:

- Recuperación do "SABER": proba de avaliación teórico-práctica, segundo as UD que teña pendentes.

A proba teórica escrita suporá un 70% do peso da cualificación.

A cualificación terá un valor entre 0 e 10 puntos.

- Recuperación do "SABER FACER": proba práctica que se realizará unha vez a parte teórico-práctica estea superada.

A proba práctica suporá un 30% do peso da cualificación.

Para recuperar unha determinada UD, como mínimo, haberá que superar o 5 en cada unha das 2 partes.

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer outro medio de comunicación do alumnado co exterior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Esta proba extraordinaria de avaliación final do módulo, consistirá en :



Unha proba escrita teórico-práctica que reunirá a maior parte dos contidos e das tarefas asociadas a cada Unidade Didáctica e ás súas actividades .

A proba consistirá en preguntas tipo test cunha soa resposta correcta, e preguntas curtas. Na cualificación da proba, as respostas ás preguntas tipo test mal contestadas valoraranse negativamente.

A duración da proba será de un máxima de 2 horas.

A cualificación estará entre 0-10 puntos e contará o 100 % do peso da cualificación.

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer outro medio de comunicación do alumnado co exterior.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente na aplicación informática da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente, nas que se fai constar que está realizado.

Ao remate do curso, realizarase Memoria final do módulo según o modelo establecido (MD.75.PRO.04),na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, que terá en conta os seguintes items para a súa avaliación:

- Ambito productivo.
- Desenvolvemento
- Secuenciación/temporalización.
- Avaliación.
- Metodoloxía didáctica.
- Temas transversais.
- Sistema extraordinario de avaliación.
- Sistema de recuperación de unidades pendentes.
- Actividades complementarias á Formación.

- Sistema de avaliación para perda de avaliación continua.
- Sistema de información ao alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo.

Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para a titora.

A titora recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de disfuncionalidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, a titora levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado, que tras a avaliación inicial, se lle detecte necesidades de reforzo educativo, por non teren adquiridas as competencias dos estudos cursados con anterioridade, propoñeranse tarefas complementarias, que realizará fóra do horario do módulo, que serán supervisadas polo profesor, sempre e cando o alumnado así o requira. Ademais, traballarase de forma conxunta co departamento de orientación. Estas tarefas complementarias non deben afectar á temporalización que figura na programación, para así poder desenvolver todos os RA asociados ao módulo e non prexudicar ao resto do alumnado que si ten adquirido as competencias asociadas aos estudos previos necesarios para o acceso a Ciclo Superior de FP.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O sistema educativo garante a formación crítica do alumnado, ferramenta que lle facilita os mecanismos precisos para desenvolver a vida humana máis alá da capacidade técnica e competencias adquiridas ao longo do módulo



profesional. É esencial que o alumnado adquira coñecementos transversais e habilidades sociais que permitan a súa autonomía.

No desenvolvemento do módulo, farase especial fincapé nas seguintes cuestións transversais:

- Igualdade de xénero e diversidade: Ademais das conmemoracións propias marcadas no calendario do CIFP Manuel Antonio, a igualdade e diversidade serán elementos vertebradores da práctica diaria, tanto por parte do alumnado, traballando desde o respecto mutuo e colaboración, como da profesora, poñendo en valor diferentes investigacións de mulleres científicas así como achegas científicas de persoas do colectivo LGTBIQ+.
- Educación para o medioambiente: A correcta xestión dos residuos xenerados na aula, será realizada en todas e cada unha das prácticas levadas a cabo, co fin de garantir a protección do medioambiente e a seguridade das persoas. Ademais, será imprescindible que todo o alumnado sexa responsable da orde e limpeza da aula e tome consciencia da necesidade dun uso efectivo dos recursos.
- Interdisciplinaria: Os contidos do módulo de Acústica non deberían ser impartidos de forma illada, senón en relación con outros do mesmo título. Así, nas reunións de equipo docente, poderase discutir sobre o reforzo nalgunha cuestión que afecte a outros módulos.
- Formación no uso das TIC e novas tecnoloxías: Terase en conta o plan TIC do centro mediante a participación do alumnado nas actividades do mesmo, incluíndo os vídeos realizados nas prácticas e proxectos propostos, resultando un interesante recurso online para o futuro. Tamén se empregarán simuladores para observar e analizar de xeito máis eficiente as ondas e o movemento ondulatorio.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Acudir a conferencias, visitas, palestras, sesións formativas, tanto as deseñadas no propio centro educativo, como as que poidan xurdir ao longo do curso na cidade do entorno do centro.

Actividades que poidan xurdir ao longo do curso e teñan relación co currículo do módulo, organizadas por diversas institucións educativas e profesionais.

Serán programadas de xeito xeral, dúas:

- Visita á cámara semianecoica da facultade de telecomunicacións
- Visita ao auditorio Rebullón para coñecer o illamento acústico realizado

10.Outros apartados

10.1) .

.